

PATROCINADORES

PERCORRIDO 2017



//ABANCA



Frutas MAVAZ, S.L.U.



CABREIROÁ



DEPUTACIÓN OURENSE



GRUPO CUEVAS



ORGANIZA




Concello de San Cibrao das Viñas
Concellería de Cultura e Deportes



PERCORRIDO

Tramo circular de 17,2 Qm e Tramo circular curto de 13,4 Qm



XI ANDAINA POPULAR

SAN CIBRAO DAS VIÑAS
RUTAS de SENDEIRISMO 17.SETEMBRO.2017



Concello de San Cibrao das Viñas
Concellería de Cultura e Deportes

XI ANDAINA POPULAR SAN CIBRAO DAS VIÑAS RUTAS de SENDEIRISMO

- Terá lugar o vindeiro **domingo 17 de setembro** de 2017 con **saída ás 9:30 horas**.
- O punto de partida estará situado na área recreativa da **Boutureira**. Chégase dende Ourense a través da estrada **OU-0517**, en dirección **Ourense-San Cibrao das Viñas-Vilanova-Soutopenedo-A Merca...** No quilómetro **6,500**, nada máis pasar o campo de fútbol e as piscinas, estará sinalizada a entrada cara á **Boutureira**.

PERCORRIDO

Vaise realizar sobre un tramo circular de 17,2 qms, con punto central na Boutureira.

→ • Tramo circular de 17,200 Qms

A Boutureira - A Torre - Penedo - Currás - Rante Outeiro Calvo - O Pontón - Muíño Victoria - A Boutureira.

→ • Tramo circular curto de 13,400 Qms

A Boutureira - A Torre - Penedo - Currás - Rante Outeiro Calvo - O Pontón - Tramo alternativo - A Boutureira.

- Todo o percorrido estará sinalizado, sendo obrigatorio o paso polos controis establecidos pola organización.
- O participante que se retire deberá avisar no control máis próximo.
- O perfil da proba pode considerarse de **dificultade Media**.
- Avituallamentos líquidos nos **quilómetros 6,6 e 12,3**.

INSCRICIÓN

• **O custo da inscrición é de 6€ e da dereito a un agasallo conmemorativo, avituallamento, bocadillo e bebida.** Pódese realizar cumprimentando o boletín que lle achegamos e entregándoo:

• Nas tendas de deportes:

Armería O Vinteún (988 373 766) e InterSport Bouso (988 226 592), realizando o pago da inscrición (6€) e opcionalmente o importe do ticket do pulpo (7€).

• No Concello de San Cibrao das Viñas:

- Realizarase o ingreso do importe da inscrición (**6€**) na conta **ES51 0081 2172 27 0001004411 do Banco de Sabadell, ou na ES28 2080 0476 16 3110000041 de Abanca, ata o día 14 de setembro inclusive.** No concepto do ingreso terá que aparecer: **ANDAINA** e o **NOME** da persoa inscrita.

- **Non existe a posibilidade de reservar o pulpo facendo o ingreso** do seu importe nunha conta bancaria do Concello, deixando como única opción adquirilo o día da andaina ó mesmo prezo pero sen reserva previa.

- **Entregar o boletín** cuberto no Concello en horario de 8:30 a 14:00 e de Luns a Venres xunto co resguardo do ingreso, ou remitilo ó Concello por fax (**988 381 101**), neste caso deberá agardar confirmación da reserva por parte do Concello, co número de dorsal, por correo electrónico, por fax ou por teléfono.

- **A data límite de inscrición é ata o 14 de setembro no Concello e nas tendas de deporte, ata un máximo de 300 participantes.**

DORSAIS

- Co boletín de inscrición cuberto e pagado, recollerase o dorsal e o ticket do pulpo.
- Se quedasen dorsais libres, poderán recollese na Boutureira o día 17 ás 9:00 horas, antes do comezo da proba e ata chegar ó **tope de 300 participantes**.
- Non se permitirá participar a ningunha persoa sen dorsal.

RESPONSABILIDADES

- A organización declina toda responsabilidade en caso de accidente ou negligencia.
- Os participantes exoneran á organización de toda responsabilidade no caso de accidente ou lesión.

PREMIOS

- Tódolos participantes que acaben a proba terán dereito a un **agasallo conmemorativo**.
- Haberá premio para o **Clube con máis participantes**.
- Haberá sorteo de outros agasallos entre tódolos participantes.

MÁIS INFORMACIÓN
WEB: WWW.SANCIBRAO.ES
TELF.: 988 381 034
E-MAIL: INFO@SANCIBRAO.ES

BOLETÍN DE INSCRICIÓN 2017

Nº DE DORSAL	
DATOS PERSOAIS Data límite de inscrición: 14 de setembro	
APELIDOS	NOME
DATA DE NACEMENTO	TELÉFONO
ENDEREZO	CLUBE
CP	PROVINCIA
<input checked="" type="checkbox"/> INSCRICION (6€) <input type="checkbox"/> TICKET DO PULPO (7€, SÓ RESERVA EN TENDAS) E-MAIL	
<input type="checkbox"/> MARQUE ESTA CASILLA SI NON QUERE RECIBIR COMUNICACIÓN SOBRE PRÓXIMOS EVENTOS	

